



Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2022								
Lugar de reunión	SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	3_2022/23	Data	13-12-2022	Hora inicio	18:00	Hora remate	19:10		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior. 2. Toma de posesión membros electos/as do Consello Escolar. 3. Renovación da Comisión Económica. 4. Renovación da Comisión de Convivencia. 5. Información sobre os resultados da 1ª avaliación 6. Rogos e preguntas 								
Asistentes	<p>DIRECTOR: Euloxio Santos Leites. XEFE ESTUDIOS: Anxo Rodríguez Rodríguez., Angel Suarez Rios</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Santos Seara Escudero, Mónica Rodríguez Nieto, Rosa Martín Bejarano, Mar Castrillón González, Javier Mandado Estévez</p> <p>PAS :</p> <p>PAIS/NAIS: Mª Mar Cerviño Escaneo, Luisa Álvarez Zaragoza, Ana Lareo fdez</p> <p>ALUMNOS/AS: Nuno Lima Méndez, Eneko Otero Fdez, Ezequiel Escuder Mendiberry</p> <p>CONCELLO:</p>								

Temas tratados

O Director solicita permiso para incluír un novo punto na orde do día para falar da situación da sala de xogos Ruada, aceptándose por unanimidade a súa inclusión como punto 6º

No 1º punto da orde do día, a Secretaria, Mercedes Couto dá lectura a acta do Consello Escolar do día 19 de Outubro de 2021, aprobándose por unanimidade.

No 2º punto da orde do día infórmase da nova composición do Consello escolar que resulta das eleccións celebradas o día 24 de novembro. Antes de comezar o Director da lectura a carta de dimisión presentada polo representante do alumnado Belarmino García Camiña e do alumno Yeabsira Quinteiro. Incorporáanse as seguintes persoas:

- Pais/Nais: Ana Lareo Fernández
- Alumnos/as: Ezequiel Escuder Mendiberry, Eneko Otero Fdez..
- Profesorado: Mar Castrillón González, Rosa Martín Bejarano, Xavier Mandado Estévez, Mónica Rodríguez Nieto
- PAS: Mª Ángeles Vázquez Salgado

No 3º punto da orde do día désígnanse os membros da comisión económica, que queda formada por:

- Director: Euloxio Santos Leites.
- Secretaria: Mercedes Couto García.
- Pais/Nais: Ana Lareo Fdez.



- Alumnos/as: Victor M. Alonso Alonso
- Profesorado: Santos Seara Escudero, Rosa Martín Bejarano
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No **4º punto da orde do día**, constitúese a Comisión de Convivencia que queda formada por:

- DIRECTOR: Euloxio Santos Leites
- X. ESTUDIOS: Angel Suárez Rios
- ORIENTADORA: Irma Álvarez Dieguez
- PROFESORADO: Montserrat Paz Núñez, Ana Ojea Alonso
- PAIS/NAIS: Luisa Alvarez Zaragoza
- ALUMNOS/AS: Nuno Lima Méndez
- PAS: Ángeles Vázquez Salgado

No **5º punto** da orde do día, o Director informa dos resultados da primeira avaliación:

1º ESO: O alumnado que aproba todo (38,3%) é 3 puntos inferior ao curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (58,3%) é 10 puntos inferior ao curso pasado.

2º ESO: O alumnado que aproba todo (44,2%) é 3 puntos superior ao curso pasado, e o que suspende dúas ou menos materias (60,6%) son 4 puntos inferior ao do curso pasado.

3º ESO: O alumnado que aproba todo (36,%) é 3 similar ao curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (61,5%) é similar ao do curso pasado.

4º ESO: O alumnado que aproba todo (55%) mellora en 14 puntos ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (60%) é 10 puntos superior a do curso pasado.

1º BACHARELATO:

ARTES: O alumnado que aproba todo, mellora 6 puntos respecto ao curso pasado, sendo aproba todo o 26,7% do alumnado e suspende dúas ou menos o 49,5%.

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo (44%) é 12 puntos superior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (59%) é 10 puntos superior.

2º BACHARELATO:

ARTES: O alumnado que aproba todo (9,7%) é 13 puntos inferior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (55,4%) é 3 puntos inferior.

CIENCIAS: O alumnado que aproba todo (23,4,6%) é 16 puntos inferior ao do curso pasado. O alumnado que suspende dúas ou menos materias (32%) é 34 puntos inferior. FP: Titulan na convocatoria de decembro 95 alumnos/as (o curso pasado foron 68). Da familia de Electricidade son 46, de Fabricación Mecánica son 24, de Edificación e Obra Civil son 15 e 10 da familia Instalación e Mantemento.

AS nai Luisa Alvarez pregunta si estes resultados son coñecidos por materias, repondendo o Director que si, e que son debatidos nos dptos. correspondentes.

No **6º punto** da orde do día o Director informa sobre a situación da sala de xogos Ruada, pechada nestes momentos, aínda que presentaron solicitude no concello para a licenza de apertura xa que ao parecer estaba sin ela por sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Director solicita autorización para personarse neste expediente diante da Xerencia Municipal de urbanismo de Vigo para presentar alegacións, xa que a sala atópase a menos de 150 m. De distancia do Instituto. Apróbase por unanimidade



En rogos e preguntas, fórmulanse os seguintes:

- a) O alumno Ezequiel Mendiberry solicita que os días de chuvia se abra o centro ás 07:50 horas.
- A nai Ana Lareo fai pregunta polas actividades que se desenvolven durante o recreo. Asimesmo tamén solicita que se reconsidere que se prohíba o uso dos móbiles en todo o centro, o cal da lugar a un debate sobre os pros e cos contras da medida.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizado o Consello Escolar sendo ás 19:10 horas levántandose esta acta para dar constancia dos acordos adoptados.

Acordos

- Constitución do consello escolar e comisións de convivencia e económica.
- Autorizar ao Director a personarse e presentar alegacións ao expediente de Ruada na Xerencia Municipal de Urbanismo.

Visto e prace moderador/a

Euloxio Santos Leites

O/A secretario/a

Mercedes Couto García